



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

CIRCULAR 50/2010

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os asambleístas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

SOLICITUDE DE PRAZAS PARA O CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA. CURSO ACADÉMICO 2010/11

Todos aqueles atletas interesados en optar a unha praza para o **Centro Galego de Tecnificación Deportiva** na vindeira tempada 2010/11 deberán presentar o modelo de solicitude que se adxunta neste documento xunto ao seu currículo deportivo antes do día **18 de xuño** na Federación Galega de Atletismo.

Lembramos que tódolos atletas que fosen finalmente admitidos deberán seguir vinculados ao longo de dous anos co club de orixe, salvo acordo mutuo entre o atleta e o club.

A FGA, unha vez recibidas todas as solicitudes emitirá unha proposta á Dirección do CGTD.

Requisitos

Á espera que se publique oficialmente a convocatoria de prazas para a vindeira tempada 2010/11 incorporamos nas seguintes liñas as modalidades de prazas ofertadas no curso 2008/09 co fin de informar de formar xeral aos posibles interesados os perfís de praza que convocou o Centro Galego de Tecnificación Deportiva na pasada tempada 2008/09:

6. TIPOS DE PRAZA

6.1. Para o grupo de adestramento de Tecnificación: deportistas que fagan 15, 16, 17 ou 18 anos no 2010 (nados nos anos 1995, 1994, 1993 e 1992)

Praza de Residencia 1: residentes fóra do concello de Pontevedra ou concellos próximos.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, aloxamento e manutención completa na residencia, servizo de lavandería, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e tutoría.

Praza de Externo/a 1: Para residentes no concello de Pontevedra ou concellos próximos.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, xantar no comedor da residencia, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e tutoría.

6.2. Para o grupo de adestramento de Rendemento: deportistas que fagan de 19 a 25 anos no 2010 (do ano 1991 ao 1985).

Praza de Externo/a 3: Para deportistas participantes no Cto. do Mundo ou de Europa nos

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

anos 2008 ou 2009; e que cursen estudos universitarios, de bacharelato ou ciclo formativo.

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Praza de Externo/a 4: Para deportistas que residan fóra do seu entorno familiar, acrediten resultados deportivos de alto nivel no campionato de España e cursen estudos universitarios, bacharelato ou ciclo formativo.

Beneficios da praza: incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Excepcións: Aqueles deportistas que fagan 19 anos no ano 2010, que tiveran praza de Residencia 1 ou Externo 1 no curso 2008-2009, poderán, a criterio da Comisión de Selección, ocupar estas prazas para rematar os estudos de bacharelato no IES vinculado ao centro.

Praza de Residencia 2: coas mesmas características que a de Residencia 1.

Praza de Externo/a 2: coas mesmas características que a de Externo/a 1.

6.3. Outro tipo de praza.

Praza de Externo/a 5: Para deportistas con participación en XXOO ou en probas olímpicas de Ctos. do Mundo ou de Europa de categoría absoluta.

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Praza de Externo/a 6: Para deportistas con participación en XXOO ou en probas olímpicas de Ctos. do Mundo ou de Europa de categoría absoluta.

Beneficios da praza: instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

OUTROS DATOS DE INTERESSE

- Poderán concorrer a esta convocatoria tódolos/as deportistas que reúnan os requisitos establecidos nas bases que se publicarán e que pertencan a algunha das federacións deportivas galegas con autorización vixente para desenvolver-lo seu programa de tecnificación deportiva nas instalacións do centro.
- A Secretaría Xeral para o Deporte reservarase a posibilidade de cubrir ou non a totalidade das prazas ofertadas, en función do grao de cumprimento dos requisitos propostos para cada perfil.
- Unha comisión fará unha valoración das solicitudes presentadas en relación a tres aspectos fundamentais: deportivo, académico e socio-económico.

RESPONSABLE DA F.G.A. DO PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN 2009/10

D. Pere Llonch Arnero

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

MODELO SOLICITUDE (CUBRIR CON LETRA MAIÚSCULA)

APELIDOS	
NOME	
DATA NACEMENTO	/ / LUGAR NACTO:
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
PROVINCIA	
CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	FIXO: MÓBIL:
EMAIL	
Nome e apelidos do adestrador actual	
Club actual do atleta	
Estudios feitos no curso 2009/10	
Estudios a facer no curso 2010/11	
Modalidade atlética practicada	
Mellores marcas realizadas na tempada 2009/10	
PARA FORMALIZAR A SUA SOLICITUDE DEBE REMITIR POR CORREO ORDINARIO OS SEGUINTE DATOS ANTES DO 18 DE XUÑO:	
<ul style="list-style-type: none">☛ Curriculum deportivo tempada 2009/10☛ Expediente académico curso 2009/10☛ Informe da situación socio-económica e interese en acudir ao CGTD	
A at. Víctor Arufe Federación Galega de Atletismo Avda de Glasgow, 13 Complexo Deportivo de Elviña - 15008 A Coruña Fax: 981292056	

Na Coruña 4 de xuño do 2010
Asdo. Victor Arufe Giráldez
Secretario Xeral FGA

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

